



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 10/09/2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro do 2019 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 11/11/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá. 11 de setembro de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2763

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 6 de setembro de 2019, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 4º bimestre de 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da

publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de setembro e o 15 de novembro de 2019.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, a 9 de setembro de 2019.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 2764

GUNTÍN

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 13 DE SETEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE PEÓN DE OBRAS (BASES APROBADAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 26/05/2019 - DECRETO Nº 2019-0142) INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2019 PARA O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN/CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión de unha praza de Peón de Obras aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 26 de maio de 2019 (Decreto nº 2019-0142) incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Guntín para o ano 2019 para o proceso de estabilización/consolidación de emprego temporal e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos na seguinte relación.

1. Admitidos

NOME E APELIDOS	DNI
JOSÉ LÓPEZ VÁZQUEZ	33.329.149-X

2.- Excluídos: NINGÚN.

SEGUNDO:

Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Guntín (www.guntin.es)

Guntín, a 13 de setembro de 2019.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2781

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 13 DE SETEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE INFORMADOR XUVENIL (BASES APROBADAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 26/05/2019 - DECRETO Nº 2019-0142) INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2019 PARA O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN/CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión de unha praza de Informador Xuvenil aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 26 de maio de 2019 (Decreto nº 2019-0142) incluída na oferta de emprego

público extraordinaria do Concello de Guntín para o ano 2019 para o proceso de estabilización/consolidación de emprego temporal e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos na seguinte relación.

2. Admitidos

NOME E APELIDOS	DNI
YESENIA DEL CARMEN RUIZ MOURENZA	33.560.358-T
ELENA CARMEN SALVADOR CASTEDO	33.861.168-Q
DAVID ZAS FERNANDEZ	34.279.411-G
SOFIA GUITIÁN ARIAS	44.658.398-B
MIGUEL ANGEL BASADRE VÁZQUEZ	33.340.265-V

2.- Excluídos

NOME E APELIDOS	DNI	MOTIVO
NATALIA EXPÓSITO RODRÍGUEZ	34.273.152-R	2,3,4
ELISABET GONZÁLEZ ALONSO	33.558.580-Q	1,2

1. Titulación non compulsada
2. Non aporta DNI compulsado
3. Omisión da sinatura na solicitude (ANEXO III)
4. Non aporta ANEXO III (modelo bases BOP nº 137 de 17 de xuño de 2019)

SEGUNDO:

Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Guntín (www.guntin.es).

Guntín, a 13 de setembro de 2019.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2782

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 13 DE SETEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A (BASES APROBADAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 26/05/2019 - DECRETO Nº 2019-0142) INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2019 PARA O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN/CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión de unha praza de Administrativo/a aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 26 de maio de 2019 (Decreto nº 2019-0142) incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Guntín para o ano 2019 para o proceso de estabilización/consolidación de emprego temporal e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir a Dña. Beatriz Ventosa Fernández, con D.N.I. nº: 33.301.955-W dado que presentou a solicitude para participar nas probas selectivas para cubrir unha praza de administrativo no prazo establecido ao efecto, se ben dita solicitude e documentación non foi remitida a este Concello de Guntín por parte do Rexistro receptor da antedita documentación, e non tendo entrada no Rexistro do Concello ata o día 27/08/2019, é dicir, con posterioridade á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no BOP de Lugo (BOP nº192 de 22/08/2019) dado que dita documentación reúne os requisitos esixidos na convocatoria.

SEGUNDO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos nas seguinte relación.

3. Admitidos

NOME E APELIDOS	DNI
OLGA GONZÁLEZ REY	44.829.208-T
MARÍA ISABEL SANTOALLA CABANAS	33.323.954-J
MIRIAN VARELA MÉNDEZ	44.496.326-C
MARTA MARÍA COPA PÉREZ	33.328.349-S
IVÁN SECO EDREIRA	33.558.808-Z
ENRIQUE NOVOA FERNÁNDEZ	76.899.697-W
DAVID ZAS FERNANDEZ	34.279.411-G
YESENIA DEL CARMEN RUÍZ MOURENZA	33.560.358-T
SOFÍA GUITIÁN ÁRIAS	44.658.398-B
SILVIA CASTRO BLANCO	53.185.340-W
MARIA ALONSO BARREIRO	33.345.091-J
SILVIA RODRÍGUEZ ARIAS	33.559.765-M
BEATRIZ VENTOSA FERNÁNDEZ	33.301.955-W
NATALIA EXPÓSITO RODRÍGUEZ	34.273.152-R
MARÍA MONTSERRAT RODRÍGUEZ COMEDEIRO	52.492.121-A

2.- Excluídos

NOME E APELIDOS	DNI	MOTIVO
ELISABET GONZÁLEZ ALONSO	33.558.580-Q	1,2

5. Titulación non compulsada
6. Non aporta DNI compulsado

TERCEIRO:

Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Guntín (www.guntin.es).

Guntín, a 13 de setembro de 2019.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2783

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 13 DE SETEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (BASES APROBADAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 26/05/2019 - DECRETO Nº 2019-0142) INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA O ANO 2019 PARA O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN/CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión de unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 26 de maio de 2019 (Decreto nº 2019-0142) incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Guntín para o ano 2019 para o proceso de estabilización/consolidación de emprego temporal e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos na seguinte relación.

1. Admitidos

NOME E APELIDOS	DNI
MARTA MARIA COPA PÉREZ	33.328.349-S
MARÍA VANESSA SOBRAL PÉREZ	44.088.219-W
MARÍA JESÚS GRANDÍO RÍO	33.850.416-M
ELENA CARMEN SALVADOR CASTEDO	33.861.168-Q

2.- Excluídos: NINGUNHA

SEGUNDO:

Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Guntín (www.guntin.es).

Guntín, a 13 de setembro de 2019.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2784

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19007280 DO 30/08/2019

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 19005554, de 24 de xuño de 2019, se resolveu convocar o proceso selectivo para o procedemento especial de acceso de 4 axentes de mobilidade do Concello de Lugo (persoal funcionario contemplado no artigo 53.3 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, para o exercicio exclusivo das funcións establecidas na letra b) do apartado 1 do citado artigo), a 4 prazas de categoría de POLICÍA do corpo de policía local de Lugo, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2016, de 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación, na Orde do 7 de febreiro de 2019, pola que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 9/2016, de 8 de xullo, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 5/373 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 11.6.2019.

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo", núm. 166, de 20 de xullo de 2019, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 148, de 6 de agosto de 2019.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 200, de 21 de agosto de 2019.

Visto que se presentaron as solicitudes dos catro axentes de mobilidade do Concello de Lugo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 1-07-2016 e modificado polo Decreto número 19005695, ditado o 3/07/2019 **RESOLVE:**

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 19005554, do 24 de xuño de 2019, mediante o proceso selectivo para o procedemento especial de acceso de 4 axentes de mobilidade do Concello de Lugo (persoal funcionario contemplado no artigo 53.3 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, para o exercicio exclusivo das funcións establecidas na letra b) do apartado 1 do citado artigo), a 4 prazas de categoría de POLICÍA do corpo de policía local de Lugo, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2016, de 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación, na Orde do 7 de febreiro de 2019, pola que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 9/2016, de 8 de xullo, que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
BARREIRO BROZ, ESTRELLA MARÍA	XXX245Z
FERNANDEZ CASTRO, FLORENTINA	XXX617T
LAMELA RODRIGUEZ ESTEFANÍA PENÉLOPE	XXX142S
SALGADO VAZQUEZ LUIS MIGUEL	XXX152Y

EXCLUÍDOS/AS**NON HAI**

Segundo.- Facer público que, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 17 de xullo, no que se nomeou aos membros do tribunal cualificador para o procedemento especial de acceso de 4 axentes de mobilidade do Concello de Lugo a 4 prazas de categoría de POLICÍA do corpo de policía local de Lugo; quedando constituido polas seguintes persoas:

PRESIDENTE

Titular: D.Jesús Piñeiro Santos, Inspector Policía Local de Lugo, A2.

Suplente: D. José Antonio Mera López, Oficial Policía Local de Lugo, C1.

VOGAIS

1. **Titular:** D. José Manuel Río Espiño, Oficial Policía Local de Lugo, C1.

Suplente: D. Eulogio Gay Castro, Oficial Policía Local de Lugo, C1.

2. **Titular:** D. José Luis Piñeiro Santos, Oficial Policía Local de Lugo, C1.

Suplente: D. Alfonso Salgado Durruti, Policía Local de Lugo, C1.

3. **Titular:** D. José María Vázquez Rivas, Oficial Policía Local de Lugo, C1.

Suplente: D. José Manuel Castro Pena, Policía Local de Lugo, C1.

SECRETARIA/O:

Titular: D. Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo, A1.

Suplente: D.^a María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo, A1.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

R. 2765

OUIROL*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do concello de Ouiról, en sesión extraordinaria celebrada o día seis de setembro de dous mil dezanove aprobou as Bases reguladoras para a concesión de axudas para libros de texto e material escolar para alumnado matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, para o Curso 2019-2020, que literalmente son as que seguen:

“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA ALUMNADO MATRICULADO EN SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA OU EDUCACIÓN ESPECIAL, PARA O CURSO 2019/2020

1. OBXECTO:

O obxecto de dita convocatoria é o de regular a concesión de axudas económicas para a adquisición de material escolar para o alumnado matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, o fin de garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación para as familias en condicións socio-económicas máis desfavorecidas, a través da asignación dunha

axuda económica para sufragar aqueles gastos ocasionados pola compra de libros de texto, cadernos ou material escolar que non estean subvencionados por outra administración pública.

2. REQUISITOS:

Requisitos xerais:

As axudas deberán ser solicitadas por quen ou quenes teñan a patria potestade, tutela ou curatela do alumnado.

- Que todos os membros da unidade familiar se encontren empadroados no Concello de Oourol na data da solicitude, cunha antigüidade mínima de tres meses.
- Estar matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/2020.
- Que ningún membro da unidade familiar teña débedas pendentes co Concello de Oourol.

Requisitos económicos:

Que a renda per cápita anual da unidade familiar non supere os 9.000 euros.

1.- A efectos desta convocatoria considéranse membros computables da unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.

2.- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3.- Non terá a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.

4.- En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2018.

3. DETERMINACIÓN DA RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:

Para os efectos desta convocatoria, a renda per cápita da unidade familiar será o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2018 entre o número de membros computables.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2018, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible de aforro (recadro 460); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

4. CRITERIOS DE PUNTUACIÓN:

4.1. Por nivel de renda:

- a. Solicitantes con renda per cápita de ata 4000 €/ano: 15 puntos
- b. Solicitantes con renda per cápita entre 4.001 e 6000 €/ano: 12 puntos
- c. Solicitantes con renda per cápita entre 6.001 e 9.000 €/ano: 9 puntos

4.2. Por circunstancias socio persoais:

- a. Por pertencer a familias nas que algún dos seus membros se atope en situación de desemprego ou teña recoñecida a incapacidade permanente en grao de total, absoluta ou grande invalidez ou estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada en grao igual ou superior ó 65%: 2 puntos por cada membro que acredite esta situación.
- b. Por pertencer a familias nas que algún dos seus membros estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada de entre o 33% e o 64%: 1 punto por cada membro que acredite esta situación.
- c. Por pertencer a familias monoparentais: 1 punto
- d. Por ter a condición de familia numerosa: 1 punto
- e. Por situación de violencia de xénero: 2 puntos

Cada solicitante obterá unha puntuación en función dos criterios anteriormente descritos. O valor de cada punto calcularase segundo a seguinte fórmula:

Total do presuposto / Total de puntos obtidos por tódolos solicitantes

A cantidade a conceder obterase do resultado de multiplicar o valor do punto polo número total de puntos obtidos por cada solicitante.

En ningún caso a contía da axuda económica poderá superar os 100 € por alumno/a para o/a que se solicita a axuda.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6. DOCUMENTACIÓN:

- a. Solicitud debidamente cumplimentada que estará a disposición d@s solicitantes no Departamento Municipal de Servizos Sociais. A solicitude será única para todos/as os/as fillos/as e nela especificarase o nivel de estudos que vai a realizar cada un/unha. Cada un/unha deles/delas recibirá a contía que lle corresponda segundo os criterios establecidos nestas bases.
- b. Fotocopia do DNI d@ solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia obrigad@s a obtelo.
- c. Fotocopia do libro de familia.
- d. Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2018 ou certificado de imputacións do IRPF relativo a tódolos membros computables da unidade de convivencia maiores de 18 anos.
- e. Documentos acreditativos das circunstancias socio-persoais alegadas.
- f. Certificado de número de conta bancaria onde se efectuará o ingreso no caso de ser beneficiari@ da axuda.
- g. Documento acreditativo de atoparse matriculado/a en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial para o curso 2019/2020.

A persoa solicitante terá dereito a non presentar aqueles documentos que xa obren en poder desta entidade local, segundo o establecido no art. 35 f) da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

O Departamento de Servizos Sociais revisará as solicitudes e os documentos requeridos verificando que están completas. Nos casos en que falte documentación requirirase á persoa solicitante para que no prazo de 10 días subsane as deficiencias. De non presentar a documentación requirida no prazo indicado, a solicitude será arquivada.

As solicitudes completas serán elevadas á Xunta de Goberno Local para a súa resolución que será notificada @ solicitante.

8. XUSTIFICACIÓN:

A persoa solicitante deberá xustificar a aplicación da axuda recibida mediante a presentación da factura correspondente, no prazo de 5 días como máximo dende a recepción da notificación de concesión.

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- a. Realizar o gasto obxecto da subvención.

b. Acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, coa presentación das facturas correspondentes dos gastos realizados.

c. Someterse ás actuacións de comprobación por parte do Concello e ás de control financeiro que corresponda á intervención municipal.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

10. RÉXIME XURÍDICO:

A concesión destas axudas axustarase ás normas contidas nesta convocatoria, á Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como á normativa de réxime local que lles puidese afectar.

11. PREVISIÓN ORZAMENTARIA:

a. Axuda que se prevé destinar na presente convocatoria: 1000 €, contía que poderá verse modificada en función do número de solicitudes presentadas co fin de adecuar as subvencións concedidas ó gasto real e ó establecido no último párrafo do artigo 4.

b. Partida orzamentaria: 323.480 do estado de gastos do orzamento municipal de 2019.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Lei xeral de Subvencións.

Ourol, 30 de agosto de 2019.

O Alcalde, Asdo.- José Luís Pajón Camba"

Ourol, dez de setembro de dous mil dezanove.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2766

Anuncio

Por acordo do Pleno do concello de Ourol en sesión ordinaria celebrada o día seis de setembro de dous mil dezanove, aprobouse inicialmente o expediente de desafectación do camiión do lixo, propiedade do concello de Ourol, marca Nissan, matrícula C-0523-AW, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do concello de Ourol.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se consideren oportunas.

Ourol, dez de setembro de dous mil dezanove.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2767

PANTÓN

Anuncio

CONVOCATORIA ELECCIÓN XUIZ DE PAZ DO CONCELLO DE PANTÓN

Considerando que o cargo de Xuíz de Paz do Concello de Pantón, se atopa vacante, faise pública a convocatoria para a elección de Xuíz de Paz titular e sustituto, que será elixido polo Pleno do Concello.

OBXECTO.- Elección de Xuíz de Paz titular e sustituto do Concello de Pantón (Lugo).

CONDICIONS LEGAIS QUE DEBEN REUNIR OS SOLICITANTES: Ser Español, maior de idade e aínda non sendo licenciado en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial e non estean incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas no desenvolvemento das función xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

PRAZO PRESENTACION SOLICITUDES: Quince días hábiles a partir do seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

LUGAR DE PRESENTACION DE INSTANCIAS: As solicitudes, dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no rexistro xeral do Concello de Pantón, ou por calquera dos medios a que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DOCUMENTOS QUE DEBEN ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE:

- Fotocopia autenticada do DNI.
- Certificación do Rexistro Central de Penados ou Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da lei 68/80 no seu punto 1.a) referente a “*se está inculpado ou procesado*”.
- Xustificación dos méritos que se aleguen.

Pantón, a 11 de setembro de 2019.- O Alcalde, Jose Luis Álvarez Blanco.

R. 2768

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento de EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 88/2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de la MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO IBERMUTUA contra la empresa MINEROTRANS GALICIA SL, el INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL y la TESORERIA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, se ha dictado decreto, en el día de la fecha, cuya parte dispositiva literalmente dice:

“ACUERDO:

- *Tener por terminado el presente procedimiento de ejecución seguido a instancia de la MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO IBERMUTUA frente a MINEROTRANS GALICIA SL, el INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL y la TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL.*

- *Archívese el presente procedimiento, previa baja en los libros correspondientes.*

*Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.*

MODO DE IMPUGNACIÓN: *Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES - CINCO DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones Judiciales abierta en la entidad BANCO SANTANDER, expediente número 2323000031008818. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.”*

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la empresa MINEROTRANS GALICIA SL**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o de decreto que ponga fin al procedimiento o resuelva un incidente, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a tres de septiembre de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2769

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO*Anuncio*

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª MARINA JOSEFA FERNANDEZ RODRIGUEZ contra JOSE LUIS ROBLEDO ALVAREZ, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000222 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a JOSE LUIS ROBLEDO ALVAREZ, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día **26/10/2021 a las 10:40 horas**, en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **JOSE LUIS ROBLEDO ALVAREZ**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a seis de septiembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2770